XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2010 Galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ECONOMÍA E INDUSTRIA INTENSIFICA A SÚA APOSTA POLO AFORRO E A EFICIENCIA E POLAS ENERXÍAS RENOVABLES CUN INVESTIMENTO DE 20,4 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe un innovador convenio entre o Inega e o IDAE que se desenvolverá por primeira vez en Galicia e que permitirá a posta en marcha de proxectos importantes que servirán para incrementar o aforro e a eficiencia enerxética e o fomento da utilización das fontes renovables***

- ***Terán carácter prioritario os proxectos de eficiencia enerxética e de promoción do transporte urbano limpo, así como os de instalación de enerxías renovables (solar térmica, fotovoltaica e biomasa) nos edificios da administración autonómica***

Santiago, 24 de xuño de 2010.- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), organismo dependente da Consellería de Economía e Industria, e o IDAE (Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía) para o desenvolvemento e realización de proxectos no período 2007-2013, no ámbito territorial de Galicia, que estean destinados á posta en marcha de medidas ou actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxética e de fomento das enerxías renovables.

Trátase dunha actuación innovadora, posto que é a primeira vez que se desenvolve en Galicia un convenio destas características, que conta cun orzamento global de 20.427.375 euros a desenvolver entre os anos 2010 e 2013. Mediante o devandito acordo posibilitarase a posta en marcha de proxectos importantes que sirvan para incrementar o aforro enerxético e o fomento da utilización das fontes renovables na administración.

Proxectos prioritarios

Terán prioridade, no ámbito do aforro e da eficiencia enerxética, dúas liñas de actuación: os proxectos de eficiencia enerxética no sector edificación (aos que se destinarán 7.143.385 euros) e os proxectos de transporte urbano limpo (cun orzamento de 3.064.369 euros). En enerxías renovables primarase a enerxía solar térmica de baixa temperatura e a enerxía solar fotovoltaica illada (cun montante global de 7.154.625 euros) e os proxectos de biomasa (3.064.369 euros) na administración autonómica.

Deste xeito, no ámbito deste acordo, poderanse desenvolverse proxectos de rehabilitación de envolvente térmica en edificios, mellora de instalacións térmicas, mellora da iluminación interior de edificios, estudos xerais de mobilidade urbana sostible, proxectos de solar térmica de baixa temperatura e de instalación de caldeiras de biomasa, entre outras actuacións.

Gabinete de Comunicación da Consellería de Economía e Industria
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981-545549/46 - Fax: 981-544948
Correo-e: cei.comunicacion@xunta.es

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Obxectivos

A través da execución deste convenio, Economía e Industria continúa fomentando a utilización das enerxías renovables e o fomento do aforro e da eficiencia enerxética, actuación que se insire na aposta global da Xunta de Galicia por construír un modelo enerxético limpo e respectuoso co medio ambiente, e que ten como obxectivos prioritarios e irrenunciables, de acordo coas directrices do Plan Enerxético Estratéxico de Galicia 2010-2015, o de chegar a 2015 producindo con enerxías renovables máis do 95% do consumo de electricidade e o de reducir do 1,01 ao 0,27 a taxa de incremento da demanda da enerxía, co que se conseguirá un aforro económico de preto de 1.000 millóns de euros, un aforro de enerxía primaria de 1.002 ktep e unha redución de 4.001 kt de CO_2 á atmosfera.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Gabinete de Comunicación da Consellería de Economía e Industria
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981-545549/46 - Fax: 981-544948
Correo-e: cei.comunicacion@xunta.es